<p>Técnicas para a análise dun proxecto artístico. Identificación do contexto histórico. Fontes documentais. Técnicas para o estudo dos personaxes. Relación dos peiteados coa ornamentación, o vestiario e a maquillaxe.</p> <p>Análise das características da persoa intérprete ou modelo: Aplicación dos métodos de observación para a análise do coiro cabeludo e do pelo. Análise morfolóxica facial e corporal. Visaxismo para peiteados e recollidos.</p> <p>Medios audiovisuais, escénicos e de moda: clasificación. Tipos de xéneros: fotografía, vídeo, cine, en vivo, desfile de moda, teatro, etc.</p> <p>Características dos medios audiovisuais, escénicos e de moda. Luz, tipo de iluminación, cor e tipos de planos. Tipos de escenarios. Características do lugar da exhibición. Distancia do espectador.</p> <p>Definición do proxecto: obxectivos, características e viabilidade.</p> <p>Estrutura xeral dun proxecto. Informe técnico. Descrición das necesidades e demandas. Identificación dos traballos técnicos de peiteado necesarios para elaborar o personaxe (cambios de cor, forma, lonxitude e postizaría): criterios de selección.</p> <p>Documentación técnica: tipos e características. Deseños gráficos. Bosquexos. Ficha da clientela, informe de presentación de propostas de cambios de imaxe, orde de traballo, etc. Medios, espazos, e recursos humanos e materiais necesarios para levar a cabo</p> <p>Documentación económica: orzamento; previsión de necesidades.</p> <p>Aplicación de técnicas de comunicación para a presentación do proxecto. Comunicación co equipo técnico: dirección técnica e artística, responsable de produción, etc. Procedemento para a coordinación de equipos, implementación, secuencia, verificación e c</p>

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES

-Describir, seleccionar, preparar, aplicar e manipular correctamente e en condicións de seguridade os cosméticos, útiles e equipamentos empregados nos procesos de elaboración de peiteados e recollidos para actos sociais, medios audiovisuais e de moda

Elaborar peiteados e recollidos tendo en conta as características do medio e/ou acto social

Describir, seleccionar, preparar, aplicar e manipular correctamente e en condicións de seguridade os cosméticos, útiles e complementos empregados nos procesos de elaboración de peiteados históricos, rexionais e étnicos.

Elaborar peiteados históricos, rexionais e étnicos, tendo en conta as características da época, cultura...

Describir, seleccionar, preparar, aplicar e manipular correctamente e en condicións de seguridade os cosméticos, útiles e equipamentos empregados nos procesos de hixiene, colocación e mantemento de posticería e extensións.

- Realizar a adaptación e fixación dunha perruca, postizo, prótese.

- Realizar a colocación de extensións con diferentes técnicas

- Realizar a hixiene e mantemento de complementos capilares.

- Aplicar a técnica de limpeza, desinfección e esterilización dos instrumentos necesarios para os procesos realizados

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A cualificación final da avaliación (N) será un número enteiro do 1 ó 10. Para o seu cálculo teranse en conta os contidos procedimentais (P), conceptuais (C) e actitudinais (A) aplicándose a fórmula que se indica de seguido, sendo o P,C e A a nota obtida nos correspondentes apartados sobre 10. Considéranse aprobados aqueles alumnos que obteñan unha cualificación igual ou superior a 5.

$$N = 0,7P + 0,2C + 0,1A \geq 5$$

As porcentaxes coas que se formará a nota final serán:

Alumnado con avaliación continua

70% Contidos procedimentais:

35% Exámenes prácticos

35% Traballos prácticos de aula-taller

20% Contidos conceptuais:

Probas escritas e/ou orais

Traballos

10% Contidos actitudinais

Alumnado con perda de avaliación continua e que se presenta a unha proba extraordinaria:

80% Contidos procedimentais

Proba práctica

20% Contidos conceptuais

Proba escrita ou oral

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Atitudes: Observación e anotación nunha lista de cotexo

Probas escritas:

Respostas a preguntas e cuestións das unidades de traballo.

Representacións gráficas.

Elaboración de resúmenes e exercizos.

Traballos escritos ou de investigación.

Probas orais: Respostas a preguntas sobre as prácticas diarias e sobre contidos explicados con anterioridade.

Probas prácticas: Probas prácticas puntuais, das que se fará un rexistro nunha táboa de observación ou lista de cotexo.

Traballos individuais ou en grupo: traballo na aula

Traballos prácticos mínimos diarios que se rexistrarán nunha lista de cotexo.

Aclaracións dos instrumentos de avaliación:

ATITUDES

Considérase falta de puntualidade entrar entre 5 e 15 minutos despois de sonar o timbre de entrada.

Pasados máis de 15 minutos a falta será de asistencia.

A acumulación de dúas faltas de puntualidade continuadas ou tres discontinuas será tratada como unha falta de asistencia.

Os contidos atitudinais traballaranse e avaliaranse ó longo de todo o curso e en todas as unidades. A actitude correcta é unha obriga do alumnado, polo que o seu cumprimento non terá unha valoración positiva, pero os incumplimentos repercutirán a razón de 0,1 puntos de desconto no apartado de actitude.

Neste apartado valoranse entre outros:

- Interese polo traballo que se realiza.
- O trato coa clientela, profesores, compañeiros e toda a comunidade educativa debe ser en todo momento aberto, educado, discreto, prudente e creando unha atmosfera agradable.
- Valoración da orde, puntualidade, limpeza e respecto polo material de traballo tanto propio como alieo.
- Cumprimento dos turnos de hixiene
- Coñecer e practicar as regras de discreción, tacto e prudencia propias da profesión; debéndose usar en todo momento un vocabulario axeitado e exento de palabras ou expresións malsoantes.
- Respetto polas normas establecidas no centro educativo, tanto polas xerais como as específicas do departamento de Imaxe Persoal para a posta en práctica do proceso de ensino/aprendizaxe deste módulo co fin de facilitar a convivencia actual e fomentar a formación de profesionais máis completos.

- Respecto polas opinións alleas e os traballos doutros profesionais.
- Predisposición para axudar ós compañeiros de traballo, á colaboración e traballo en equipo.
- Interese por ter e manter a hixiene e a imaxe persoal óptima.
- Uniforme limpo e pranchado
- Interese por coñecer as tendencias da moda en canto a cambios de forma no cabelo, e por asistir a congresos, demostracións e outras actividades relacionadas coa profesión
- Valoración negativa dos alumnos/as que se neguen a facer os traballos que se lle indiquen e a atender os modelos ou compañeiros que se lle adxudiquen.
- Participación activa do alumno tanto nas clases como en calesquera actividades que se organicen ou nas que se participe

PROBAS ESCRITAS

En tódalas recuperacións de probas escritas o resultado será apto= 5 ou non apto. Dado que as probas de contidos conceptuais puntúan un 20%, en caso de recuperación será tan so un 10%.

Valoración negativa dos alumnos/as sorprendidos con algún medio para copiar nun exame. Terá que entregar o exame e a avaliación estará suspensa.

PROBAS PRÁCTICAS E TRABALLOS NA AULA

Nos traballos e probas a realizar na aula valorase:

- O número de traballos tras cumprir o mínimo establecido , a calidade, destreza, dificultade e variedade dos traballos.
- Hixiene
- Orden no posto de traballo
- Orden na execución
- Imaxe
- Atitude
- As habilidades, destrezas desenvoltoas durante a execución dos traballos.
- A iniciativa e creatividade.
- Recepción e atención da clientela e modelos.
- O tempo de execución.

Aclaracións no sistemas de cualificacións:

- Valorarase (no apartado de traballos) a participación en actividades extraescolares que complementan a formación do alumnado, realizándose seguidamente traballos, exercicios ou respostándose preguntas sobre as mesmas.
- As actividades relacionadas co módulo que se organicen (centros alleos ó IES, xornadas de formación, conferencias, desfile), serán puntuables sempre e obrigatorias as realizadas en horario escolar. As que se realicen fora do horario escolar puntuarán para subir nota.
- Para aprobar a avaliación, o alumno deberá obter como mínimo o 50% da nota en cada un dos apartados, e cando non sexa así a avaliación quedará suspensa ata que recupere o apartado correspondente. Un suspenso no apartado de atitude, recupérase cumprindo as normas establecidas durante a seguinte avaliación.
- A avaliación é contínua, polo que non se poderá superar unha avaliación sen ter superado previamente as anteriores. A nota final coincidirá coa da terceira avaliación. Para obter a nota da terceira avaliación terase en conta o traballo, a constancia, participación, comportamento, esforzó e evolución do alumno/a durante o curso, podendo o profesor se o estima oportuno aumentar a nota da 3ª avaliación e final ata 1 punto.

- Deberanse acadar os contidos mínimos establecidos para superar o módulo.

As probas e traballos prácticos realizaranse en modelo humano. Se non houberse suficientes modelos no centro, os alumnos traerán os seus propios modelos.

Os alumnos teñen que posuír o seu propio material, limpo e desinfectado, en orden e en perfecto estado, aspecto que repercutirá na nota final.

Caso de non se presentar a un exame ou proba:

Se un alumno/a non se presenta (sen causa xustificada) a unha proba ou exame obterá como cualificación na mesma un cero. Esta proba (teórica ou práctica) só se lle repetirá no caso de enfermidade sobrevenida xustificada polo médico.

Caso de non presentar en prazo un traballo

Se un alumno/a nunha avaliación non presenta un traballo no prazo establecido, a cualificación será un cero. En todo caso, e aínda que a cualificación do traballo non é recuperable, a súa entrega será condición imprescindible antes da avaliación para poder aprobar. De non entregalo, suspenderá a avaliación e a entrega do traballo será requisito indispensable para recuperalo.

Tratamento dos decimais

A cualificación dunha avaliación sempre se fará mediante un número enteiro, motivo polo que os decimais resultantes se redondearán á alza ou á baixa ó enteiro máis próximo; se equidistara de dous enteiros consecutivos, redondearase ó superior.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

DAS PARTES NON SUPERADAS:

O alumnado que non supere algunha avaliación total ou parcialmente, daránselle as orientacións e apoios necesarios para intentar superala, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados.

As actividades de recuperación ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Actividades de recuperación:

- Entrega de material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.
- Comentario e análise do traballo entregado e resolución de dúbidas nas horas de clase practicando os traballos de maior dificultade para o alumno/a.
- As probas de recuperación serán similares ás de avaliación.
- De todas as probas que se suspendan, farase una recuperación ó longo da avaliación seguinte.

MÓDULO NON SUPERADO

- Módulo non superado na segunda avaliación (previa ó período de prácticas na empresa): neste caso, programaranse actividades de recuperación e reforzo ó longo da terceira avaliación, que se compatibilizarán coa asistencia do alumno/a ó período práctico na empresa. Se fose necesario, establecerase un calendario de recuperación, fixando a temporalización da recuperación no IES e que será debidamente comunicado á

empresa.

- O alumno/a pasa de curso co módulo pendente, elaborárase un informe individualizado que conterá información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe. O alumnado será informado ó inicio de curso das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que será avaliado. A avaliación deste módulo pendente de 1º curso levarase a cabo coa avaliación final ordinaria de 2ª curso.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado perderá o dereito á avaliación continua cando o número de faltas alcance o 10% da carga horaria total do módulo. O profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación das faltas.

O alumnado ten dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa a avaliación final de módulo e a cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final do módulo. Esta proba abarcará a totalidade da materia vista durante o curso tanto teórica como práctica. A data de celebración da proba extraordinaria será a acordada polo equipo educativo e o equipo directivo, sobre a base dos regulamentos de organización e funcionamento do centro e darase a coñecer ó alumnado no taboleiro informativo con antelación suficiente.

Será una proba teórico-práctica:

Duración: 4 horas

Contido da proba:

- Proba escrita

Poderá incluír todo tipo de preguntas, esquemas... e versará sobre todo o contido do módulo.

- Proba práctica:

- Selección, preparación e manipulación axeitada dos espazos, útiles, cosméticos e modelos para realizar o traballo práctico en condicións de seguridade e hixiene idóneas.

- Realización práctica de dous peiteados:

- O peiteado ou recollido para un acto social, medio audiovisual ou de moda, que se mostrará nunha fotografía

- Un peiteado histórico, étnico ou rexional. A proposta poderase facer a través dunha foto ou indicando a época, rexión... Deberanse adxuntar por escrito as características xerais do traballo proposto, adornos, complementos, cosméticos característicos na época ou cultura.

- Realización do lavado, acondicionamento, peiteado, colocación e adaptación dunha perruca.

O/a alumno/a deberá traer un/unha modelo para poder realizar a proba e o material, complementos e adornos necesarios.

Será indispensable superar a proba escrita para poder realizar a continuación a proba práctica.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A presente programación avaliarase mediante o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro. Dito control realizarase principalmente por medio do cumprimento dos seguintes documentos:

- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.

- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.

- Memoria fin de curso, na que entre outros temas, se tratará a porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e

as propostas de mellora para o seguinte curso académico.

- Ademais, en reunión de departamento ó longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado que terá por obxecto analizar a avaliación inicial feita ós alumnos e coñecer as características e a formación previa de cada un, así como as súas capacidades. Serve de punto de partida ó equipo docente, permitíndolle adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilización modular, aínda que en ningún caso se permitirán adaptacións curriculares significativas. Así mesmo deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente. A avaliación inicial realizarase conforme o procedemento establecido polo control do sistema de calidade do centro. Dito control realizase principalmente por medio do cumprimento do documento de avaliación inicial e mediante entrevista persoal cando se considere necesario.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dada a diversidade de alumnado que accede aos ciclos formativos, traballaremos os contidos segundo as necesidades do momento, do grupo e do alumno/a en particular.

Ó longo do curso presentaranse exercizos e actividades con diferentes grados de dificultade, feito que permite ó profesorado seleccionar os mais adecuados ó nivel do alumnado e ás súas capacidades. Para seleccionar os mais axeitados, terase en conta a avaliación inicial, o progreso e o grado de consecución dos obxectivos prantexados.

Ó alumnado que non responda ós obxectivos programados, daránselle as orientacións e apoios necesarios, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados.

As actividades reforzo e afondamento ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Actividades de reforzo e de afondamento:

Entrega de material de traballo específico na aula para o alumnado que o precise.

Análise do traballo e resolución de dúbidas que lles xurdan ós alumnos/as para poder traballar a fondo as actividades propostas durante as horas de clase.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Medidas curriculares: trátase de introducir no currículo dos centros contidos relacionados co desenvolvemento persoal (autoestima, autocontrol, desenvolvemento emocional, educación en valores) e social (habilidades sociais, programas de resolución de conflitos interpersoais...) có fin de formar persoas máis equilibradas, e polo tanto menos conflitivas, e con recursos para unha resolución construtiva dos conflitos interpersoais, para un mellor desenvolvemento e integración social.

Realizáranse diferentes actividades ó longo do curso para a educación en valores.

Educación moral e cívica: Desenvolver criterios de actuación que favorezan a responsabilidade e compartimentos de respecto, honestidade e xustiza no posto de traballo.

Inserción e aplicación: Durante os traballos de taller, tanto entre compañeiros como durante a atención ó público.

Educación para a saúde: É a transversal por excelencia desta materia xa que se traballa en tódalas unidades e ó longo de todo o curso. Coñecer e adoptar modos de vida sans dentro do ámbito laboral. Reflexionar sobre as razóns que conducen a prácticas sociais e medio ambientais non saudables dentro do ámbito. É moi importante, a adopción de posturas correctas para previr lesións na columna vertebral, varices, etc.

Unha parte da dieta dos adolescentes é por conta deles mesmos (bolos, chucharías, aperitivos, bebidas,). Debemos incitalos cara a adquisición de hábitos de consumo responsables.

Educación ambiental: Tomar conciencia da importancia de respectar as normas medio ambientais e os seus respectivos efectos no desenvolvemento da actividade laboral e adoptar actitudes persoais responsables.

Educación para a paz: Valorar a auto estima, seguraza persoal, ser capaz de establecer a relación entre os dereitos e obrigas de cada un, superar inhibicións e prexuízos, canalizando a súa agresividade cara actitudes que promoven o ven común.

Educación para a igualdade de sexos: adoptar actitudes non sexistas tanto nos comportamentos, como no ámbito laboral, co fin de favorecer a igualdade e oportunidade entre sexos.

As nosas condutas son a manifestación dos nosos valores, de ahí a importancia de comezar desde moi temprana idade a educar en valores. Pero para formar bos profesionais, que saiban convivir, compartir, colaborar con compañeiros, clientes..., é indispensable formar ó mesmo tempo adultos responsables, respectuosos, honestos, humildes, tolerantes, felices..., polo que se incidirá neste tema ó longo do curso.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Participación en concursos relacionados coa profesión

Visitas a feiras profesionais, congresos..., de tipo profesional e/ou cultural.

Asistencia a cursos e xornadas de formación realizados por casas comerciais e profesionais do sector tanto dentro como fora das instalacións do centro escolar.

Organización e participación en actividades diversas que impliquen a colaboración dos alumnos: desfile de peiteados e estética, obras de teatro, rodaxes películas, galas profesionais e outros proxectos.

Visitas a distintos medios de comunicación.

Visitas a balnearios, spas, fábricas de cosméticos...

Realización de prácticas fora do centro educativo dentro e fora de horas lectivas, noutros centros públicos ou privados, sempre que se considere oportuno.

Elaboración de material didáctico en vídeo, fotografías...

Seguimento das novas publicacións: vídeos, libros, revistas...

10. Outros apartados

10.1) Recuperación de contidos indispensables non impartidos durante o curso 2019/20

Tal como indica a normativa publicada respecto a capacidades indispensables non adquiridas durante o curso pasado, teranse en conta os informes finais do curso 2019/20 elaborados polo equipo docente que impartiu clases a este grupo. Segundo o acordado en reunión de departamento do día 26 de xuño, neste módulo, recuperaranse contidos indispensable non impartidos no módulo de "Peiteados para necesidades especiais" e os contidos relacionados con cambios de forma permanente do módulo de "Procedementos e técnicas de peiteado".

Dos contidos non impartidos do módulo de "Peiteados para necesidades especiais" realizaranse as prácticas pendentes de:

- Hixiene e mantemento de perrucas e postizos
- Colocación e adaptación de perrucas e postizos

Dos contidos esenciais non impartidos no módulo de "Procedementos e técnicas de peiteado" e sempre para o alumnado que non os teña visto durante o periodo práctico na empresa, realizaranse as seguintes actividades prácticas:

- Ondulación permanente completa, de raíz e/ou de puntas.
- Alisado iónico ou xaponés
- Tratamento de queratina.

Estas actividades prácticas realizaranse preferentemente ó inicio do curso en modelos reais, se a situación sanitaria o permite. Caso de persistir unha situación adversa que dificulte a atención de modelos externas ó centro, aplazaranse estas prácticas e como recurso final executaranse en maniquís.

10.2) Ensino online ou semipresencial

A incerta situación sanitaria actual provocada polo Covid19 require que se contemplen posibles estados excepcionais ó longo do curso, con ausencias temporais de alumnado e incluso suspensión de clases presenciais, facendo previsión das medidas a tomar neses casos.

Con ese fin, comprobarase, a principios de curso e durante a avaliación inicial do módulo, a dispoñibilidade de medios TIC, conexión a internet e de teléfono móbil (con cámara e grabadora/reproductora de vídeo) por parte de todo o alumnado.

No caso de que o cumprimento de aforo nas aulas, cuarentena temporal/ confinamento de algún alumn@ ou de todo o grupo aconsellen o ensino semipresencial ou online, procederase como segue:

- Aquel alumnado que presente carencias de medios Tic, e se a situación o require, facilitaráselle por parte do centro de ensino, sempre que sexa posible, o material informático necesario para o seguimento das clases.

De non ser así, proporcionaráselle o material impreso e audiovisual necesario a través de whatsapp ou mediante entrega directa no IES.

- Tamén se porá á disposición do alumnado, que o precise e así o indique, o material necesario para a realización dos exercizos prácticos propostos; sendo necesario firmar un impreso no que se indique o material prestado, así como realizar un depósito económico que lle será devolto no momento de reintegrar o material en bo estado. .

- Habilitarase o curso "Peiteado para producións audiovisuais e de moda" na aula virtual do IES A Pinguela, onde estarán a disposición de todo o grupo os apuntes, material audiovisual e orientacións necesarias para completar o curso con éxito e que será utilizado habitualmente, con independencia da presencialidade/non presencialidade do ensino.

- A comunicación profesor/alumn@, entrega de traballos e exercizos, correccións..., realizarase preferentemente a través da aula virtual. En casos excepcionais xustificados, poderase utilizar a tal fin o email ou whatsapp.

- De se producir a suspensión das clases presenciais, ademais de utilizar o curso da aula virtual, realizarase unha clase semanal por videoconferencia no horario habitual de clases.

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación e mínimos esixibles, serán os previstos no apartado 5. Proporanse traballos e exercizos realizables tanto en clases presenciais como nunha situación de suspensión de clases, e serán entregados a través do curso da aula virtual.

Suporán unha excepción, ós traballos prácticos propostos que teñan como obxectivo a obtención de material elaborado, como a confección de moturas, tocados, adornos capilares entre outros, dos que se deberá subir o protocolo ilustrado á aula virtual e entregar a peza rematada (non entregable vía online) á profesora na aula ou a través do canal que se habilite dependendo da situación.

Os exámes previstos para ser realizados de xeito presencial, serán adiados so para aqueles alumn@s que xustifiquen según normativa a súa ausencia. De se producir a suspensión de clases presenciais, poderán ser substituído por exámenes ou traballos online .